



**Federación Galega
de Caza**

Gabinete de Comunicación



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Fondo pesar entre os cazadores galegos

Santiago, 14 de decembro de 2009.- A Federación Galega de Caza lamenta o triste suceso acaecido este fin de semana en Cabana de Bergantiños, onde un cazador faleceu previsiblemente froito do disparo dun compañeiro nun desgraciado accidente.

O Presidente da Federación Galega de Caza dixo sentirse tremendamente afectado por esta nova perda, e ven de testificar o seu pesar á familia do falecido e á sociedade de caza Venatoria de Bergantiños.



A Federación lembra unha vez máis as precaución e medidas de seguridade que deben adoptarse durante as cacerías, salientando a necesidade de non disparar nunca sen ve-la peza que se quere abater, e a traxectoria que vai segui-lo disparo. A espesa vexetación dos montes Galegos, tan saudable para a biodiversidade, require unha dosis maior de prudencia e concentración na práctica da actividade cinxética.

Nas modalidades de caza colectivas, como os ganchos e os zapeos, cobra especial importancia o bon facer e a obediencia ao responsable da cacería, así como procurar utilizar durante a caza roupa de cores vivas –a FGC leva repartidos entre os cazadores Galegos nos derradeiros catro anos máis de 15000 chalecos amarelos- que resalte a visibilidade dos compañeiros de cacería.

De tódolos xeitos, estas medidas necesarias deben complementarse cunha fundamental, a prudencia, o sentido común, e a utilización responsable das armas.

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>